

BAREMO PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA O MARISQUEO A PÉ (Anexo I da *RESOLUCIÓN* do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé).

1. Por ser demandante de emprego.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

Polo tempo transcorrido como desempleado/a, debidamente acreditado e sempre que sexa demandante de emprego: 0,25 puntos por mes durante un tempo máximo de 1 ano anterior á convocatoria.

2. Por formación.

A puntuación máxima que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos. Nesta epígrafe computarán as actividades de formación realizadas pola persoa interesada e a titulación académica que posúa.

a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).

1º Valoraranse as actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas, de conformidade co establecido no anexo II.

2º Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita obter a maior puntuación.

3º Non se computarán o certificado de percebeiro nin o certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

b) Titulación académica.

1º Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos.

2º Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos.

3º Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos.

4º Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto.

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulacións só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

As persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no Instituto Galego

de Formación en Acuicultura(IGAFA), engadiráselles 1 punto á puntuación obtida na titulación académica.

3. Por estar empadroad/a nun concello do ámbito das confrarías ou entidades titulares do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un período mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: 4 puntos.

4. En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.